

IDENTIDADE DIXITAL E REDES SOCIAIS NO ENSINO

RESUMO

Cada unha das persoas que navegamos por internet e facemos uso das redes sociais, incluso aquelas que non o fan, temos a nosa identidade dixital. No noso instituto rural, un 80% do noso alumnado de doce anos ten acceso a internet con diversos dispositivos e a Garda Civil xa tivo que actuar por diversas denuncias relacionadas coas redes sociais. A día de hoxe estamos a sufrir en moitas escolas e institutos o ***ciberbullying***, o ***sexting***, o ***grooming*** ou a ***ciberadicción***, entre outros riscos. Temos que educar á xuventude na responsabilidade. En internet non todo vale e temos que respectar os dereitos das demais persoas, internautas ou non. As redes sociais non son anónimas e ser menor de idade non exime de certas responsabilidades.

ABSTRACT

Every person that navigates the Internet and uses social networks, including those that don't, has a digital identity. In our rural institute, 80% of our students twelve years of age have access to the Internet with different devices and the police had to act in different denunciations related to social networks. Today in many schools and institutes we are suffering cyberbullying, sexting, grooming, and cyber addiction, among other risks. We have to educate the youth about responsibility. On the Internet not everything is as it seems, and we have to respect the rights of other people, whether they use the Internet or not. Social networks are not anonymous and being a minor does not exempt anyone from certain legal responsibilities.

PALABRAS CLAVE

Identidade, dixital, redes, educación, riscos.

CONTIDO

Algnhas amizades do meu fillo de nove anos, da súa mesma idade, xa teñen *smartphones* ou teléfonos intelixentes. No noso instituto rural, o 80% do noso alumnado de 1º da ESO ten acceso a internet con *smartphones*, ultraportátiles, computadores ou tablets. Todo este alumnado e, en xeral, cada unha das persoas que navegamos, ou non, por internet e facemos uso das redes sociais, temos a nosa identidade dixital. Pero tamén moitas destas persoas, sobre todo se son tan novas como o noso

alumnado, fan unha diferenciación errónea entre o seu mundo dixital e o seu mundo real. A nosa identidade dixital é o que internet di de nós tomando como base, entre outros elementos, os nosos comentarios, fotos, contactos, perfís ou contidos dispoñibles na rede pero tamén todo aquilo que outras persoas suben ou din de nós. Poderíamos dicir, sen medo a errar, que a nosa identidade dixital vai durar case o que Google queira, deixando un rastro de consecuencias, positivas ou negativas, pero sempre na nosa vida real. Tamén, e pode ser un dos riscos claves aos que non enfrontamos, podemos ter unha identidade dixital que pode ser creada por outras persoas ou por nós mesmos/as pero sen ser conscientes do que facemos. Por isto, moitas persoas estudiosas deste tema están a advertir reiteradamente, desde hai xa certo tempo, que un dos grandes desafíos do uso das *TIC* na próxima década será o da privacidade. Gustaríame sinalar que aínda que o tema da identidade dixital e as redes sociais parece moi específico e concreto, na realidade estamos a falar de relacións sociais e de educación.



No caso concreto que nos ocupa, o noso alumnado novo adoita ter moitos problemas para diferenciar entre a súa identidade dixital e a analóxica. Cústalles moito, por falta de formación neste campo, ser conscientes de que a súa identidade dixital acompañaralles toda a súa vida e que existe unha porcentaxe mínima de risco, en comparación cos grandes beneficios, no uso de internet e as redes sociais. Tampouco van ser moi conscientes das repercusións e consecuencias dalgúns dos seus actos nas redes sociais como, por exemplo, a suplantación de identidade ou subir contidos inadecuados á rede. A día de hoxe xa estamos a sufrir en moitos institutos o **ciberbullying** ou acoso entre iguais nas redes sociais, o **sexting** ou envíos de contido ou temática sexual e o **grooming** ou engatusamiento e acoso sexual. Tamén estamos a detectar bastantes casos de **ciberadicción** en alumnado que necesita, cada vez

máis, estar conectado moitas horas ao día e se non o pode estar aumenta moito a súa ansiedade. Doutra banda, somos moi conscientes de que a tecnoloxía é unha gran ferramenta de comunicación na distancia, pero non debemos esquecernos de que o noso alumnado debe “*conectar*” coas persoas máis próximas porque senón o illamento social pasa a ser outro dos riscos no que poden caer se abusan, como está a ocorrer en moitos casos, do uso das novas tecnoloxías. As familias debemos coñecer as amizades físicas e virtuais das/os nosas/os fillas/os e débense potenciar as relacións físicas e o contacto social fronte ás virtuais.

A modo de resumo, a información que nós e as nosas amizades publicamos e compartimos e a que existe sobre nós na rede, conforma a nosa identidade dixital que pode estar exposta a unha serie de riscos como a perda de privacidade, ataques á nosa reputación, permanencia da información na rede ou incluso a suplantación da nosa identidade. Non é infrecuente chegar a situacións, ao noso alumnado ocórrelle, nas que non lles gusta a súa imaxe en internet, nas que os comentarios doutras persoas fanlles sentir mal ou nas que a xente sabe cousas delas/as que non queren que saiban. Polo cal, a modo de recomendacións moi xenéricas, debemos elixir sempre con moito coidado quen vai poder ver os nosos datos e contidos e configurar as opcións de privacidade nas redes sociais, non facilitar datos persoais innecesarios ou excesivos, reflexionar ben antes de publicar, subir contido, usar o sentido común e realizar un seguimento periódico dos nosos datos en internet. Debemos tentar que a nosa imaxe en internet reflecta, se é o que queremos, quen somos en realidade tendo en conta, antes de publicar información ou imaxes, que unha vez publicadas perdemos o control sobre elas. Para saber se hai información nosa en internet que descoñecemos podemos buscarnos en google (*googlearnos*) de cando en vez, non debemos facer nas redes sociais o que non nos gustaría que nos fixesen a nós e se calquera cousa fainos sentir mal, como antes comentamos, debemos pedir axuda á nosa familia e ao profesorado da nosa escola ou instituto. Temos que educar á xuventude, tanto nas familias como nas escolas, na responsabilidade. En internet non todo vale e debemos facer chegar á mocidade que teñen o deber de respectar os dereitos das demais persoas, internautas ou non. A responsabilidade de ter unha rede san e a súa vixilancia é competencia de todas as persoas e non só das forzas de seguridade. Moitas familias non caen na conta de que os menores poden estar sendo vítimas de acoso, chantaxe sexual (*sextorsión*) ou suplantación da súa identidade, entre outros delitos. Se temos constancia disto temos a obriga, é imprescindible, de denunciar. Para finalizar, internet non é anónima e ser menor de idade non exime de certas responsabilidades, isto é, aínda que non sexan maiores de idade son responsables das consecuencias dos seus actos xa que o descoñecemento das leis non exime do deber de cumprimento das mesmas.

MÁIS INFORMACIÓN

Víctor Cuevas @vcuevas
Antonio Omatos @aomatos
César Poyatos @cpoyatos
Urko Fernández @tturktime

ALFREDO ÁLVAREZ RIVERA. Profesor de secundaria e xefe do departamento de orientación. Ex-Asesor Técnico na Consellería de Educación. Mestre, Lic. CC da Educación, Psicólogo e Máster en Enxeñería Industrial.

